

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SGS) PARA O PROXECTO SANIDADE SERVIZO DE MICROBIOLOXÍA 4.0 SAÚDE 4.0: MICROBIOLOXÍA, COFINANCIADO CON FONDOS FEDER A TRAVÉS DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER PLURIREXIONAL DE ESPAÑA (POPE) 2014-2020.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

**Que** o Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN) e o Servizo Galego de Saúde formalizaron o 17.12.2020 o convenio arriba referido.

**Que** o prazo de vixencia do convenio axustarase ao establecido na súa cláusula oitava, relativa aos “*Prazos de vixencia, execución e xustificación do proxecto*”. En todo caso, de acordo co apartado 1 da dita cláusula, a vixencia do convenio esténdese dende o fin do prazo de execución e xustificación das obrigas asumidas polas partes, sen prexuízo das actuacións de liquidación ou de calquera outra orde que que correspondan.

Dito prazo será como máximo de 4 anos a contar dende o 28 de decembro de 2020, data de publicación do convenio no Boletín Oficial do Estado. Todo elo, de acordo co previsto no artigo 48.8. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (ver cláusula novena do convenio).

**Que** o instrumento convencional ten por obxecto:

1. Formalizar a selección da operación de Compra Pública Innovadora sinalada no anexo I do convenio, a efectos do seu cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.

De acordo co indicado no citado anexo, dita operación consiste nunha proposta piloto que ten por obxecto prestar un mellor servizo a todos a pacientes da área de influencia do Hospital Universitario A Coruña, é dicir, ao redor dunha poboación de 550.000 habitantes, aos que habería que sumar case 200.000 máis de superespecialidades da área de Ferrol (ademais dos CSUR e outras referencias para patoloxías complexas), que poderían beneficiarse dun diagnóstico rápido e de terapias antibióticas optimizadas, así como terapias personalizadas atendendo á composición da súa microbioma.

2. Formalizar, ao amparo da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda («Liña FID») do Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN), a concesión dun anticipo reembolsable nos termos establecidos na cláusula terceira, apartado 1, do convenio asinado.

3. Establecer as obrigacións e dereitos do Servizo Galego de Saúde na execución da citada operación.

**Que** existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

**Que** o instrumento convencional asinado fundaméntase, entre outros, en que:

O MICIN, en relación ao Proxecto “*Sanidade servizo de microbioloxía 4.0 SAUDE 4.0: MICROBIOL*” seguiu o procedemento establecido para a selección de operacións FEDER da Actuación 004: Liña FID e da CPI do POPE 2014-2020.

O Comité de Selección de Operacións, nomeado por Resolución de 18.12.2018 da Secretaria de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, reunido con data 25.09.2019, baseándose nos Criterios de Selección e Priorización de Operacións (CPSO) establecidos para o POPE, e no seu caso, ás alegacións presentadas á Proposta de Resolución Provisional, remitiu un informe final cos resultados da avaliación á Subdirección Xeral de Fomento da Innovación, órgano instrutor da convocatoria de expresións de interese, que resolveu propoñer a concesión do seguinte proxecto:

Referencia Proxecto: CPI-2019-0025-SAUDE40M-03

Proxecto: Sanidad Servicio de Microbiología 4.0

Solicitante: Servizo Galego de Saúde

Este proxecto xorde da necesidade de encarar un grave problema de saúde existente a nivel mundial como son as resistencias a antimicrobianos e evitar a posibilidade de que determinadas infeccións se convertan en incontrolables por este motivo. A través da Compra Pública Innovadora preténdese desenvolver unha plataforma tecnolóxica altamente específica de diagnóstico microbiolóxico rápido, e de probas de sensibilidade, que permitan unha orientación rápida sobre o diagnóstico e a identificación adecuada dos antibióticos co fin de optimizar a terapia antimicrobiana, minimizando a aparición e diseminación das resistencias bacterianas. Outro obxectivo deste proxecto é o desenvolvemento dunha solución, baseada en metaxenómica e culturómica, que permita analizar o microbioma humano e o seu impacto na etiología de distintas enfermidades. O proxecto complétase coa creación dun banco pioneiro de microbioma, perfectamente caracterizado, que permitirá ter rexistradas mostras dos pacientes que estarán a disposición de investigadores e clínicos do Servizo Galego de Saúde.

O desenvolvemento destas plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas redundarán dun xeito claro e directo na saúde dos cidadáns.



Asemade, o proxecto está en concordancia coa estratexia SERGAS 2020 que aposta pola promoción de tecnoloxías que permitan unha xestión eficiente que contribúa á sostibilidade do sistema sanitario e, ao mesmo tempo, pola promoción de infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades de pacientes e profesionais.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias

